



**GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE  
SERVIZOS SANITARIOS**  
Memoria 2008



**GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE  
SERVIZOS SANITARIOS**  
Memoria 2008





**Ficha técnica**

**Coordinación**

Miguel Ángel Álvarez Rodríguez

Área de Comunicación

GALARIA, Empresa Pública de Servicios Sanitarios

**Maquetación e Impresión**

*Mabel Aquayo, CB*

**Dep. Legal**

PO-443/03

# ÍNDICE

	04	<b>Presentación</b>
	06	<b>Introdución</b>
<b>ÁREA PRIMEIRA</b>	10	<b>Estrutura organizativa</b>
<b>ÁREA SEGUNDA</b>	16	<b>Características de Galaria</b>
<b>ÁREA TERCEIRA</b>	18	<b>Actividade asistencial global</b>
<b>ÁREA CUARTA</b>	44	<b>Unidades clínicas (áreas de servizo compartido)</b>
	23	Cirurgía cardíaca
	26	Cardioloxía intervencionista
	30	Diagnóstico por imaxe
	33	Medicina nuclear (unidade de Vigo e unidade de Ourense)
	37	Oncoloxía radioterápica
<b>ÁREA QUINTA</b>	40	<b>División de Consultoría</b>
<b>ÁREA SEXTA</b>	44	<b>Servizo de Radiofísica e Unidade de Protección Radiolóxica</b>
<b>ÁREA SÉTIMA</b>	48	<b>Unidade de Radiofármacos PET Galicia</b>
<b>ÁREA OCTAVA</b>	52	<b>Servizo de atención telefónica á cidadanía "Saúde en Liña"</b>
<b>ÁREA NOVENA</b>	54	<b>Recursos humanos</b>
<b>ÁREA DÉCIMA</b>	58	<b>Xestión de calidade e sistemas de control</b>
<b>ÁREA UNDÉCIMA</b>	60	<b>Enquisas de satisfacción</b>
<b>ÁREA DUODÉCIMA</b>	64	<b>Actividade científica</b>
	68	Unidade de cirurxía cardíaca
	70	Unidade de cardioloxía intervencionista
	75	Ensaio clínicos
	85	Unidade de diagnóstico por imaxe
	87	Unidade de oncoloxía radioterápica
	91	Servizo de radiofísica
<b>ÁREA DÉCIMO TERCEIRA</b>	94	<b>Enderezos das actividades</b>







## PRESENTACIÓN

Como cada ano, presentamos nestas páxinas o resumo da actividade desenvolvida pola nosa organización ao longo do anterior exercicio, xunto coa referencia a aqueles feitos máis significativos acontecidos durante ese período.

En termos xerais, e na liña de exercicios anteriores, a memoria do ano 2008 reflicte o cumprimento de obxectivos asistenciais, a consolidación de proxectos, a incorporación de novas tecnoloxías e a apertura de novas liñas de traballo, por mor de seguir ofrecendo aos usuarios unha atención de calidade dentro do conxunto da sanidade pública.

Pero neste resumo anual, xunto coas referencias á actividade cotiá e ao labor desenvolvido polas diferentes áreas desta empresa pública, recóllense varios acontecementos dunha especial relevancia ocorridos durante o exercicio de 2008, determinantes na orientación e funcionamento desta sociedade, como foron a integración da meirande parte do seu cadro de persoal no réxime estatutario, así como o cambio de denominación e a modificación do obxecto social.

Xunto con eses feitos de carácter estratéxico, na memoria do ano 2008 vólvese amosar o esforzo realizado polo cadro de persoal desta empresa, en colaboración con profesionais doutros servizos da sanidade pública, e con resultados satisfactorios en todas as áreas de actividade, polo que, unha vez máis, temos que agradecer o traballo ben feito e animalos a seguir mantendo a mesma profesionalidade, ilusión e dedicación amosada na etapa obxecto desta publicación.

**Javier de Villalobos Brassart**  
*Director Económico - Administrativo*





## INTRODUCCIÓN

No exercicio de 2008 cumpríronse catorce anos dende a promulgación, por parte da presidencia da Xunta de Galicia, do Decreto 229/1994 de 14 de xullo polo que se creaba o Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec) como sociedade pública autonómica, adscrita ao Servizo Galego de Saúde.

Durante este ano producíronse dous acontecementos determinantes na vida da sociedade: dunha banda o remate do proceso de integración de carácter voluntario no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, e doutra, o cambio do nome e obxecto social.

Mediante resolución de 12 de abril de 2008 rematouse o proceso de integración dos profesionais do Instituto Galego de Medicina Técnica no réxime estatutario, con efectos do 1 de xullo do ano 2007. Esta transformación no estatus do persoal levouse a cabo en virtude do Decreto 91/2007, de 2 de abril e da Orde de 20 de setembro de 2007 que regulaba especificamente o procedemento de integración dos recursos humanos desta institución. Das 255 prazas autorizadas no cadro de persoal, 230 incorporáronse ao réxime estatutario.

Por acordo do Consello de Administración de 30 de xullo de 2008, actualizáronse en parte os estatutos, con especial fincapé no cambio do obxecto social, e aprobouse o cambio de nome da sociedade, que deixou de chamarse Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec) para denominarse Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

A diferenza fundamental entre a nova orientación e as directrices anteriores é que mentres os estatutos de Medtec incluían e facían énfase na prestación de servizos asistenciais de alta tecnoloxía, o obxecto social de Galaria reorienta as actividades da organización cara a tres ámbitos de actuación: Incorporárase a posibilidade de desenvolver, executar e explotar infraestruturas sanitarias promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia e potenciáanse as actividades de consultoría no eido sanitario xunto con outros servizos relacionados coa sanidade.

Ao longo de 2008, Galaria continuou dándolle cobertura asistencial a máis de 1.250.000 persoas residentes no sur de Galicia, nos eidos da cirurxía cardíaca, cardioloxía intervencionista, diagnóstico por imaxe, medicina nuclear e oncoloxía radioterápica, a través de seis unidades clínicas de alta especialización integradas funcionalmente nos complexos hospitalarios de Vigo e Ourense.

Durante o ano 2008, a través da División de Consultoría, Galaria seguiu prestándolle asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais, ademais



de colaborar coa División de Recursos Económicos na xestión integrada dos proxectos e obras que promove a administración sanitaria de Galicia e coa División de Asistencia Sanitaria e a Secretaría Xeral na coordinación da instalación e posta en marcha do equipamento e finalización das obras no novo hospital de Lugo.

Entre tanto, o Servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) levaron a cabo o control de calidade de parte importante das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia e dun hospital do norte do Portugal.

A Unidade de radiofármacos Pet Galicia (Ciclotrón), tamén dependente de Galaria, iniciou a produción regular e subministración de FDG aos hospitais do Servizo Galego de Saúde, tras o remate das obras para solucionar os defectos detectados no sistema de climatización dos laboratorios.

Entre as novas iniciativas de Galaria destaca tamén o deseño e implantación da primeira fase do novo servizo de atención telefónica á cidadanía, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, que entrou en funcionamento o 8 de outubro de 2008, e centralizou inicialmente a cita previa de todos os centros de saúde das áreas de Lugo, Ourense, Santiago e Pontevedra.

Na liña de exercicios anteriores, a actividade das unidades clínicas estivo fundamentalmente marcada neste período pola incorporación de novas dotacións tecnolóxicas destinadas a manter a capacidade de resposta diante da demanda asistencial, ademais de contribuír ao desenvolvemento da integración cos complexos hospitalarios onde estas unidades están situadas.

Nese sentido, cabe salientar a posta en funcionamento no mes de abril dunha segunda unidade móbil de resonancia magnética, como alternativa efectiva para dar reposta á demanda dos hospitais comarcais neste tipo de estudos, a instalación dun sistema micromultiláminas para a mellora dos tratamentos de radiocirurxía e IMRT (intensidade modulada de doses en radioterapia), así como a instalación dunha terceira gammacámara e dun equipo PET-CT no Hospital do Meixoeiro. Este último entrou en funcionamento en marzo de 2009 tras obter os permisos do Consello de Seguridade Nuclear.





Tamén ao obxecto de dar resposta á crecente demanda de cirurxía cardíaca, e debido á limitación das camas de recuperación e planta dispoñibles no Hospital do Meixoeiro, chegouse a un acordo coa Clínica Nuestra Señora de Fátima de Vigo para utilizar complementariamente as instalacións dese centro a fin de levar a cabo as intervencións cirúrxicas que non é posible realizar no propio hospital.

Dentro do Plan de Xestión da Calidade da empresa, no ano 2008 renovouse a acreditación de calidade ISO 9001:2000 de todas as unidades certificadas: Consultoría, Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear, Oncoloxía Radioterápica e Física Médica, esta última integrada pola Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) e o Servizo de Radiofísica.

En canto ao xeito de funcionamento, Galaria seguiu actuando no ano 2008 conforme aos principios que caracterizan a súa actividade clínica, como son: a incorporación de medios e procedementos avanzados que garantan o acceso dos cidadáns ás últimas tecnoloxías sanitarias, a procura da meirande calidade nos diversos ámbitos do seu funcionamento, a máxima coordinación co resto dos recursos asistenciais do sistema sanitario e a orientación ao paciente de todas as súas actuacións. Nese sentido, as unidades asistenciais seguiron afondando na cooperación profesional e no traballo conxunto cos servizos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde en que realizan a súa actividade.

01



Estrutura organizativa

## Estrutura organizativa

O órgano de goberno de Galaria é o Consello de Administración, que está presidido estatutariamente pola conselleira de Sanidade e integrado por outros altos cargos da mesma Consellería, da Consellería de Economía e do Servizo Galego de Saúde.

O Consello de Administración nomea o director xerente, ao que lle corresponde xestionar a organización. Cada unidade clínica, así como a División de Consultoría, teñen á fronte un director técnico, e o cadro directivo da empresa fórmano, ademais, un director de Recursos Humanos, un director Económico-Administrativo e un director de Auditoría e Organización.

A empresa ten unha estrutura organizativa de carácter matricial, na que as unidades asistenciais así como a División de Consultoría e a Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón) dispoñen dun alto grao de autonomía de xestión. Estas áreas da organización, que actúan como “centros de produción”, contan, para levar a cabo a súa actividade asistencial e de asesoría, co apoio das áreas de Recursos Humanos, Económico-Administrativa, Organización e da Informática que, ademais de facilitarlles as xestións non directamente asistenciais, participan activamente nos procesos de planificación, elaboración de orzamentos e control dende as súas respectivas ópticas.

Composición do Consello de Administración:

**Presidenta:**

*María José Rubio Vidal*  
Conselleira de Sanidade.

**Secretario:**

*José Luis Carbajo Romero*  
Subdirector xeral de Réxime Administrativo da Consellería de Sanidade.

**Conselleiros:**

*José Manuel Peña Penabad*  
Secretario xeral da Consellería de Sanidade.  
Foi membro do Consello de Administración ata o seu cesamento como secretario xeral da Consellería de Sanidade, o 10 de abril de 2008.

*Pilar Fernández Romero*  
Secretaria xeral da Consellería de Sanidade  
Incorporouse ao Consello de Administración en substitución do anterior secretario xeral da Consellería de Sanidade, José Manuel Peña Penabad.

*Cayetano Rodríguez Escudero*  
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde.

*Julio Villar Barreiro*  
Director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

*Germán González Pazó*  
Director xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade.



Ana Consuelo Fernández Pulpeiro

Directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

Foi membro do Consello de Administración ata o seu cesamento como directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, o 10 de xaneiro de 2008.

Francisco Pais López

Director xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

Incorporouse ao Consello de Administración en substitución da anterior directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, Ana Consuelo Fernández Pulpeiro.

Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Inmaculada Viña Carregal

Secretaria Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda


Francisco Reyes Oliveros

Neurocirurxián, presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

O profesor Reyes Oliveros faleceu o 2 de xullo de 2008

## ORGANIGRAMA

Actual organigrama da empresa, aprobado polo Consello de Administración na súa sesión do día 31 de maio de 2001, ao que se incorporaron como novas actividades a Unidade de Radiofármacos PET Galicia e o servizo de atención telefónica "Saúde en Liña".





#### **DIRECCIÓN E POSTOS DE RESPONSABILIDADE**

Director económico-administrativo

*Javier de Villalobos Brassart*

Directora de Recursos Humanos

*Rosario Royo Martel*

Director de Auditoría e Organización

*Ignacio Pintos Bermúdez*

#### **- ÁREA DE SERVIZOS CENTRAIS**

Responsable de Relacións Laborais

*Antonio Andreu Vázquez*

Responsable de Control de Xestión

*María Isabel Fernández Otero*

Responsable de Contabilidade

*Leonor María Bueno Lema*

Subdirectora de Aproveitamento

*María Cristina Martín Fragaieiro*

Responsable de Facturación e Sistemas de Información

*Patricia Peleteiro Alonso*

Responsable de Atención ao Usuario e Comunicación

*Miguel Ángel Álvarez Rodríguez*

Responsable de Informática

*Celso Diz González*

#### **- UNIDADES CLÍNICAS**

##### **CIRURXÍA CARDÍACA**

Director técnico

*Gonzalo Pradas Montilla*

Xefes clínicos

*Darío Durán Muñoz / Juan José Legarra Calderón*

Coordinadora

*Cándida Iglesias Sánchez*

Supervisor de quirófano

*Juan Marcos Gómez Zincke*

Supervisora da Unidade de Recuperación

*Beatriz Pequeño García*

## **- CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA**

Director técnico

*Andrés Íñiguez Romo*

Supervisora

*Virginia Argibay Pytlík*

## **- DIAGNÓSTICO POR IMAXE**

Directora técnica

*Mercedes Arias González*

Supervisor

*Juan José Bugarín Pampillón*

## **- MEDICINA NUCLEAR**

Director técnico

*Ramón Guitián Iglesias*

Xefe clínico Vigo

*Ana María López López*

Xefe clínico Ourense

*Montserrat Delgado Castro*

## **- ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA**

Director técnico

*Víctor Muñoz Garzón*

Coordinadora

*María Dolores Agujetas Rodríguez*

Supervisor

*Manuel Jesús Enguix Castelo*

## **- UNIDADES TECNOLÓXICAS**

DIVISIÓN DE CONSULTORÍA

Directora

*Alicia Piñeiro Redondo*

SERVIZO DE RADIOFÍSICA

Xefe do servizo

*Manuel Salgado Fernández*



UNIDADE TÉCNICA DE  
PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Responsable

*Fernando Ruiz García*

Supervisor

*Carlos Seco Paz*

**LOCALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**

*A sede central de Galaria está situada en Santiago de Compostela e alberga:*

- Estrutura administrativa central.
- División de Consultoría.
- Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR).

*Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI)*

Hospital do Meixoeiro de Vigo:

- Unidade de Cirurxía Cardíaca.

- Unidade de Cardioloxía Intervencionista e Hemodinámica.
- Unidade de Medicina Nuclear.
- Unidade de Oncoloxía Radioterápica.
- Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica.
- Unidade Administrativa.
- Unidade de Resonancia Magnética

Hospital Xeral-Cíes de Vigo:

- Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Complexo Hospitalario de Ourense:

- Unidade de Medicina Nuclear  
(Hospital Santa María Nai).

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)

- Unidade de Radiofármacos PET Galicia

---

Existen dúas unidades móbiles de resonancia magnética, dependentes da Unidade de Diagnóstico por Imaxe, que se desprazan aos hospitais de ámbito comarcal de Galicia





02



Características de GALARIA

## Características de Galaria

Galaria mantivo no exercicio de 2008 as súas características fundamentais así como os principios que inspiraron a súa creación.

**Carácter público:** Galaria é unha sociedade de titularidade pública e capital integramente público, constituída ao abeiro da Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

**Estrutura empresarial:** trátase dunha sociedade anónima pública, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei de sociedades anónimas -texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro- e que está sometida a todos os controis establecidos para as empresas públicas.

**Unidades asistenciais integradas nos hospitais do Sergas:** Galaria é unha organización situada dentro do sistema sanitario público de Galicia, con todas as súas actividades asistenciais integradas funcionalmente nos hospitais do Sergas onde están instaladas.

**Autonomía de xestión:** esta característica, que tamén é unha peculiaridade de cada unha das súas diferentes unidades asistenciais, permítelle a esta organización ser flexible e áxil na prestación da atención sanitaria e adaptarse con rapidez ás variacións da demanda.

**O paciente como obxectivo prioritario:** esta institución organiza a súa actividade arredor do proceso asistencial, e toda a súa actuación ten como obxectivo fundamental o paciente e a tarefa de proporcionarlle unha atención sanitaria e humana da máxima calidade.

**Calidade e mellora continua:** Galaria é unha organización comprometida coa calidade en sentido integral, de tal xeito que este concepto abarca todos os ámbitos da súa actividade, dende os aspectos organizativos ata os procesos asistenciais pasando pola provisión de tecnoloxía e os recursos humanos, e, en todos os casos, cunha visión de permanente mellora continua.



03



Actividade assistencial global

## Actividade asistencial global



A actividade asistencial desenvolvida polas devanditas unidades clínicas no ano 2008 acadou os seguintes resultados:

- 752 intervencións cirúrxicas desenvolvidas na Unidade de Cirurxía Cardíaca, o que representa unha diminución do 1,5% respecto das realizadas no ano precedente, das que 565 foron levadas a cabo mediante circulación extracorpórea.
- 4.227 pacientes atendidos na Unidade de Cardioloxía Intervencionista, aos que lles foron realizados un total de 5.503 procedementos diagnósticos e intervencionistas, cun incremento do 0,5% no número total de procedementos realizados con respecto aos do ano 2007 e un 9,23% de aumento nos de carácter terapéutico.
- 26.177 pacientes atendidos na Unidade de Diagnóstico por Imaxe, aos que lles foron realizadas 35.827 explora-

ciões de resonancia magnética, un 22,27% máis que no ano 2007. Nas unidades fixas dos hospitais Xeral Cíes e Meixoeiro (CHUVI), leváronse a cabo 23.627 estudos e nas dúas unidades móbiles de resonancia magnética atendéronse 8.795 pacientes aos que lles foron realizados 12.200 estudos.

- 4.706 pacientes atendidos na Unidade de Medicina Nuclear de Vigo, aos que lles foron realizados 7.670 procedementos, dos cales 7.555 tiveron carácter diagnóstico e 115 terapéutico. Na quenda ordinaria de tarde realizáronse un 15,47% máis de procedementos que no ano anterior, mentres que no cómputo total da actividade produciuse unha diminución porcentual dun 2,12 % en relación ao 2007, baixada que estivo motivada polo retraso das obras de adecuación para a instalación da terceira gammacámara adquirida a finais de 2007.

- 4.000 pacientes atendidos na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, aos que lles foron realizados un total de 6.656 procedementos, dos que 6.437 tiveron carácter diagnóstico e 219 terapéutico, cifras que representan unha diminución do 1,77% no mantemento dos niveis de actividade respecto ao ano 2007, motivada por un descenso conxuntural da demanda nun 6,15%.


- 2.162 tratamentos finalizados de oncoloxía radioterápica, dos que 1.869 corresponderon a teleterapia, 207 a braquiterapia de alta taxa de dose e 86 a radiocirurgía esterotáxica. Estas terapias representan no seu conxunto una diminución derredor dun 5% respecto da actividade desenvolvida no ano anterior, descenso motivado polos traballos de instalación de novo equipamento nun dos aceleradores lineais, que se prolongaron durante cinco semanas.



**Actividade clínica global realizada nas unidades asistenciais de Galaria durante o ano 2008**

	2006	2007	2008
Intervencións de cirurxía cardíaca	739	764	752
Técnicas hemodinámicas	5.306	5.478	5.503
Exploracións de diagnóstico por imaxe (Hospital)	18.518	22.672	23.627
Exploracións de diagnóstico por imaxe (Unidade móbil)	1.899	7.285	12.000
Técnicas de medicina nuclear en Vigo	8.245	7.872	7.670
Técnicas de medicina nuclear en Ourense	6.289	6.743	6.656
Tratamentos con teleterapia	1.647	1.948	1.869
Tratamentos con radiocirurxía	77	81	86
Tratamentos con braquiterapia	201	261	207





Unidades clínicas

## Unidades clínicas

### CIRURXÍA CARDÍACA

O funcionamento da unidade de Cirurxía Cardíaca no exercicio de 2008 estivo marcado de novo por unha forte demanda, que levou a manter a pleno rendemento os recursos profesionais e técnicos propios e incluso a ter que facer uso de medios externos, para resolver o problema de falta de camas de hospitalización e recuperación.

Neste período realizáronse un total de 752 intervencións cirúrxicas, cifra que se ben representa unha diminución de arredor do 1,5% respecto das que se levaron a cabo no ano anterior, supuxo, non obstante, o mantemento dunha media de case que tres intervencións diarias. Dese conxunto de operacións, 565 requiriron de circulación extracorpórea e 131 tiveron carácter urxente, o que representou un 17,42% do total de cirurxías realizadas.

En canto ao tipo das cirurxías, no ano 2008 apréciase de novo unha maior proporción conxunta da cirurxía valvular e cirurxía combinada valvular-coronaria, fronte ás intervencións de doenzas especificamente coronarias, que baixaron un 25%, de forma que pasaron de 188 operacións no ano 2007 ás 140 realizadas no 2008. Neste período realizáronse 207 intervencións de cirurxía combinada valvular-coronaria, preto dun 23% máis que no ano anterior, evidenciando a maior complexidade das patoloxías atendidas, e mantivéronse no mesmo nivel que no exercicio pasado as cirurxías de tipo valvular, que en termos absolutos se situaron en 225 operacións, tres máis que no exercicio de 2007.

Dentro dos procedementos complexos que figuran na carteira de servizos desta unidade, durante o ano 2008 foille practicada a ablación cirúrxica de fibrilación auricular a un total de 91 pacientes, unha técnica que proporciona excelentes resultados na reversión dese tipo de arritmias e mellora notablemente a calidade de vida de moitos dos pacientes, ao quedaren liberados do uso de anticoagulantes.

Tamén hai que salientar 51 intervencións de revascularización miocárdica sen CEC, unha técnica minimamente invasiva que permite reducir de xeito significativo a morbilidade, e que no ano 2008 se empregou na totalidade dos pacientes para os que a circulación extracorpórea suporía un alto risco. Nese período realizáronse 10 intervencións de Ross, que consisten en substituír a válvula aórtica danada do paciente pola súa válvula pulmonar e, no lugar que deixa esta última, implantar un homoinxerto de doador. Así mesmo, colocáronse 18 endopróteses aórticas torácicas por vía percutánea en cooperación coa Unidade de CardioloXía Intervencionista.

No apartado de novas técnicas, a Unidade de CardioloXía Intervencionista, conxuntamente coa Unidade de Cirurxía Cardíaca, incorporou á carteira de servizos de área de CardioloXía no mes de novembro o denominado implante endovalvular transfemoral de prótese biolóxica en posición aórtica. Trátase dunha técnica alternativa á cirurxía, especialmente indicada en pacientes de avanzada idade, que presentan unha estenose valvular aórtica severa, con moi mal prognóstico e nos que unha inter-







vención cirúrxica clásica de substitución valvular podería ofrecerlles solución pero ao prezo dunha mortalidade cirúrxica moi elevada. Na área sur de Galicia está previsto realizar arredor de 20 destes casos anuais.

O problema estrutural de falta de camas, tanto na unidade de recuperación como en planta, levou no ano 2008 a adoptar dúas medidas especiais para facer fronte á demanda asistencial: Por unha banda deriváronse algúns pacientes ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e por outra estableceuse un acordo co Hospital Nuestra Señora de Fátima para intervir pacientes de forma regular nas súas instalacións. Como resultado no ano 2008 reduciuse a demora media nun 6,8% e a demora máxima nun 26%.

Un 41% de todos os pacientes intervidos chegan ao quirófano de forma preferente, urxente ou emerxente. Isto fai que a organización da lista de espera siga sendo unha tarefa complexa, dado que o marxe de manobra con que conta a unidade para xestionala está limitado ao 59% de pacientes que teñen carácter electivo. Igualmente segue aumentando en cada exercicio a idade media dos pacientes, que xa se sitúa en case 70 anos, o que representa outro factor de dificultade e complicación nas intervencións.

Non obstante, a unidade seguiu acadando en 2008 uns bos indicadores de morbi-mortalidade, manténdose entre os cinco primeiros servizos de cirurxía cardíaca do país, tanto por volume de intervencións como pola calidade dos seus procedementos.

No ámbito da formación, a unidade recibiu en 2008 o seu cuarto residente, despois de que no ano 2005 se iniciase a formación de médicos MIR como resultado das xestións efectuadas diante do Ministerio de Educación. Os residentes permanecerán neste servizo cinco anos especializándose en cirurxía cardíaca.

Finalmente hai que salientar un ano máis o importante labor desenvolvido pola enfermeira coordinadora tanto na xestión dos tempos de espera como na información e orientación aos pacientes que están pendentes dunha intervención cirúrxica e aos seus familiares.


#### **ACTIVIDADE**

No cadro adxunto pódense apreciar os diferentes apartados da actividade desenvolvida pola Unidade de Cirurxía Cardíaca no ano 2008.

752 intervencións cirúrxicas

<b>CIRURXÍA CARDÍAC</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>
Intervencións programadas	608	587	611	621
Intervencións urxentes	139	152	153	131
Intervencións totais	747	739	764	752
Intervencións con CEC	598	581	572	565
Intervención sen CEC	149	158	192	187
Cirurgía coronaria	160	152	188	140
Cirurgía valvular	289	269	222	225
Cirurgía valvular-coronaria	114	139	169	207
Outras	184	179	195	180
Estadía media	10,91	10,83	11,07	11,02
Estadía media preoperatoria	1,02	1,04	1,09	1,02
Índice de programación (%)	81,39	79,83	79,97	82,57
Intervencións/día	3,04	2,99	3,08	2,98
Relación CEC/non CEC	4,01	3,67	2,97	3,02
Consultas totais	1.956	1.970	1.865	2.237

Gráfico no que se representan as principais características da actividade cirúrxica.



Para a realización da súa actividade asistencial, a Unidade de Cirurxía Cardíaca contou no ano 2008 con:

- Dous quirófanos dotados de sistemas de circulación extracorpórea, un módulo de normohipotermia e un medidor de fluxo sanguíneo coronario.
- Unha área de cuidados postoperatorios con 10 camas.
- 14 camas de planta

## CARDIOLOXIA INTERVENCIONISTA

O balance do labor asistencial, científico e de xestión desenvolvido na Unidade de Hemodinámica e Cardiología Intervencionista ao longo do ano 2008 volveu a ofrecer datos moi positivos. Dende o punto de vista asistencial produciuse un novo aumento da actividade, cun total de 4.227 pacientes atendidos, aos que lles foron realizados 5.503 procedementos hemodinámicos, 3.645 diagnósticos e 1.858 terapéuticos, dos cales 1.825 foron anxioplastias coronarias.

Mantívose en niveis altos a actividade considerada urgente, chegando aos 1.158 procedementos, que equivalen a un 21% do total, e creceron tamén os procedementos terapéuticos complexos (anxioplastias múltivasomultilesión), que se situaron en 771 anxioplastias, o que significa preto dun 44% do total.

Mantense, así mesmo, unha das características propias da Unidade, a dunha alta taxa de actividade en réxime ambulatorio, que supón un 71% dos procedementos,

obviando a necesidade de hospitalización, con todo o que iso comporta en termos de menor gasto e maior comodidade para o paciente. Tanto é así, que nos últimos catro anos reducíronse as estadias hospitalarias en máis do 48%. A actividade foi desenvolvida só en dúas salas de hemodinámica funcionando ambas en quenda de mañá e só unha delas pola tarde.

En canto aos índices de calidade, a Unidade de Hemodinámica e Cardiología Intervencionista está situada na media de España na taxa de uso de stent farmacocativos que representan un 57% do total de stent implantados e se consolida a posición deste centro como un dos hospitais líderes en España tanto na atención aguda ao paciente con infarto de miocardio, cunha taxa de 405 anxioplastias no infarto por millón de habitantes, como no tratamento percutáneo de lesións do tronco coronario común, que constitúen un 4.4% do total de anxioplastias. A estes datos hai que engadir a incorporación de técnicas novas como o implante percutáneo de válvulas aórticas, realizándose a finais do 2008 os dous primeiros casos con éxito.



A lista de espera é testemuñal, pois na prioridade 1, a máis relevante e necesaria, a 31 de decembro de 2008, a demora media estaba situada en 6 días. Para a prioridade 2 a demora era de 15 días, e para a prioridade 3 alcanzaba os 22 días. Existían en lista de espera nesa data 11 pacientes en prioridade 1, un total de 67 pacientes en prioridade dous, e 73 en prioridade 3, cifras que supoñen traballo para 10 días, de acordo á programación habitual de 15 pacientes/día,

No ámbito da calidade, estimada como a taxa de mortalidade dos procedementos invasivos, foi do 0.3 por mil en procedementos diagnósticos e do 1.6% nos terapéuticos, concentrándose esta particularmente no intervencionismo na fase aguda do infarto, e especialmente nos pacientes en “shock”.

A unidade seguiu impulsando a aplicación do programa “PROGALIAM” que ten en marcha o Servizo Galego de Saúde e polo que se coordinan todos os recursos asistenciais da comunidade autónoma: atención primaria, hospitais, O61, e centros de referencia en cardioloxía intervencionista, para lograr que o tempo dende que se produce

un infarto ata que se actúa sobre o corazón do paciente para salvarlle a vida sexa o máis curto posible.

No apartado de novas técnicas, a Unidade de Cardioloxía Intervencionista, conxuntamente coa Unidade de Cirurxía Cardíaca, incorporou á carteira de servizos de área de Cardioloxía no mes de novembro o denominado implante endovalvular transfemoral de prótese biolóxica en posición aórtica. Trátase dunha técnica alternativa á cirurxía, especialmente indicada en pacientes de avanzada idade, que presentan unha estenose valvular aórtica severa, con moi mal prognóstico e nos que unha intervención cirúrxica clásica de substitución valvular podería aportarlles solución pero ao prezo dunha mortalidade cirúrxica moi elevada. Na área sur de Galicia está previsto realizar arredor de 20 casos anuais.

Polo que se refire á forma de organizar e levar a cabo o traballo, a dirección da unidade resalta e agradece a disposición e dedicación continúa dos profesionais, así como o excelente trato que dispensan ao paciente, a pesar de que ao longo de 2008 se produciron baixas de longa duración dalgúns membros do persoal facultativo,



o que obrigou a redobrar os esforzos por parte do equipo en activo.

É de resaltar tamén a alta actividade científica, que se resume nesta memoria, na que se inclúen importantes iniciativas, como a organización de congresos e o feito de que a unidade estea presente, a través dun dos seus facultativos, na Xunta Directiva da Sección de Hemodinámica e Cardiología Intervencionista da Sociedade Española de Cardiología.

En materia docente, a unidade promoveu unha nova edición dos "Seminarios cardiovasculares de formación continuada" que se desenvolven semanalmente en colaboración coa sección clínica do complexo, da área de cardiología, e as sesións clínicas diarias cardio-cirúrxicas da unidade.

A estas actuacións hai que engadir o mantemento do plan de formación de bolseiros procedentes de terceiros países. Ademais, proporcionouse a formación estipulada

no programa MIR a residentes de Cardiología do complexo hospitalario

No ámbito da investigación, a Unidade de Cardiología Intervencionista seguiu participando en numerosos estudos multicéntricos e rexistros de avaliación da efectividade das tecnoloxías que utiliza.

Finalmente, no apartado de xestión, mantívose a liña marcada de contención do gasto, a pesar de desenvolver unha maior e máis complexa actividade asistencial, o que ten a súa clave na implicación dos profesionais na xestión, e en xuntar esforzos e estratexias co departamento de Subministracións e Control de Xestión.

#### ACTIVIDADE

Unidade de Cardiología Intervencionista  
4.227 pacientes  
5.503 procedementos hemodinámicos.



CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA	2005	2006	2007	2008
Ingresos	571	514	438	449
Estadías	1.167	1.166	1.134	1.137
Estadía media	2,04	2,27	2,59	2,53
Procedementos Hemodinámicos totais	4.767	5.306	5.478	5.503
Procedementos diagnósticos totais	3.359	3.645	3.777	3.645
Procedementos intervencionistas totais	1.408	1.661	1.701	1.858

PROCEDEMENTOS INTERVENCIONISTAS	2005	2006	2007	2008
ACTP stent	1.243	1.462	1.607	1.825
ACTP aterectomía	137	172	267	264
Complexas / múltiples	582	610	706	771
Valvuloplastia	11	12	9	14
Peche de CIA	11	14	11	9
Outros	6	1	3	10
Procedementos intervencionistas totais	1.408	1.661	1.701	1.858

Para a realización desta actividade clínica, a Unidade de Cardioloxía Intervencionista contou con:

- Tres salas vasculares de hemodinámica.
- Área de recuperación.

**Representación gráfica da evolución da actividade asistencial na Unidade de Cardioloxía Intervencionista nos últimos catro anos.**



## DIAGNÓSTICO POR IMAXE

A demanda de exploracións de resonancia magnética seguiu crescendo tanto en número como en complexidade, e a Unidade de Diagnóstico por imaxe volveu incrementar os seus medios e súa actividade para dar unha resposta efectiva a ese aumento na solicitude de exploracións. No ano 2008 este servizo atendeu un total de 26.177 pacientes, aos que lles foron realizadas 35.828 resonancias magnéticas, un 22,27% máis que no ano 2007.


Nas unidades fixas do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, instaladas nos Hospitais Xeral Cíes e Meixoeiro, leváronse a cabo 23.627 estudos en horarios de mañá e tarde e quendas de fin de semana, e nas unidades móbiles de resonancia magnética realizáronse 12.200 estudos a 8.795 pacientes, tras a posta en marcha dunha segunda unidade no mes de abril.

No exercicio de 2008 a demanda das exploracións máis complexas aumentou nun 18,28%. Nese sentido a unidade veu avanzando na liña da espectroscopia cerebral con resonancia magnética, ademais de ampliar este tipo de exploracións ás patoloxías de próstata, para o que dispón de aparellos complementarios especiais. A espec-

troscopia con resonancia magnética permite ver máis alá das formas anatómicas, xa que é posible observar o comportamento bioquímico anómalo das células e detectar así doenzas dunha maneira moi precoz.

Ademais de seguir avanzando e ampliando o número de estudos con espectroscopia, a unidade dispón dende o ano 2008 de equipos que permiten facer estudos de corpo completo e estudos angiográficos de extremidades inferiores. Tamén se comezou a aplicar a RM dinámica tras a administración de contraste para valoración de patoloxía pélvica.

En canto á mellora e incremento dos medios tecnolóxicos, o feito máis salientable para esta unidade foi a posta en funcionamento a partir de abril de 2008 da segunda resonancia magnética móbil. Trátase dun equipo de alto campo, de similares características á unidade que xa viña prestando servizo, e emellante tamén en tecnoloxía e prestacións ao equipo de alto campo instalado no Hospital do Meixoeiro. Calquera destas tres resonancias, as dúas móbiles e a do Meixoeiro, teñen capacidade para realizar todas as exploracións posibles, dende as máis sinxelas ás de maior complexidade, e coa máxima calidade diagnóstica.



Coa nova unidade móbil reforzouse o servizo que se estaba prestando aos hospitais do Barbanza e Virxe da Xunqueira, na provincia da Coruña; da Costa e de Monforte, na de Lugo; de Valdeorras e de Verín, na de Ourense; e do Salnés na provincia de Pontevedra. Nesta segunda resonancia magnética móbil investíronse 1.400.000 euros, a mesma cantidade que custou adquirir a primeira.

Tamén se actualizou a unidade de 1,5 teslas do Hospital Xeral Cies, coa a aplicación, entre outras melloras, dunha maior potencia aos gradientes, o que lle permite mellorar as exploracións que xa viña realizando e incorporar estudos cardiolóxicos avanzados, anxio avanzado, corpo completo e difusión de corpo completo entre outros.

A pesar de que a actividade deste servizo leva tres anos crecendo exponencialmente, coa conseguinte carga de traballo á que deben facer fronte os seus profesionais, a unidade segue innovando e engadindo novas técnicas á súa carteira de servizos, mentres mantén unha importante actividade científica e docente. Neste sentido hai que lembrar que no ano 2008 o cadro de persoal da Unidade de Diagnóstico por Imaxe presentou arredor de vinte comunicacións en congresos nacionais e internacionais da especialidade ademais de publicar tres traba-

llos en revistas científicas e manter á importante actividade docente que leva a cabo nos últimos anos.

Dentro desa actividade científica-docente da unidade, é de salientar o feito de que a Sociedade Europea de RM en Medicina e Bioloxía (ESMRMB) contase con facultativos deste servizo para impartir un curso avanzado sobre RM de mama e pelve no mes de setembro en Bruxelas.

Igualmente, no apartado de iniciativas especiais, a unidade seguiu organizando un dos cursos do programa de doutoramento en Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo e continuou coa formación en resonancia magnética de médicos internos residentes de radiodiagnóstico do CHUVI e doutras especialidades.

En materia de calidade, un ano máis, a unidade renovou a acreditación ISO 9001/2000, na que se inclúen, xunto cos dous centros de resonancia magnética fixos, as dúas unidades móbiles.


## ACTIVIDADE

Nas táboas seguintes sublíñanse os datos máis significativos da actividade asistencial acadada na Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Actividade global ano 2008	Pacientes	Exploracións
Hospital Xeral-Cíes - RM (CHUVI)	12.009	16.070
Hospital do Meixoeiro- RM (CHIVI)	5.173	7.357
Unidade Móbil - RM	8.795	12.200
TAC	200	200
<b>Total</b>	<b>26.177</b>	<b>35.827</b>







<b>DIAGNÓSTICO POR IMAXE - CHUVI</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>
RM	17.756	18.518	21.818	23.427
TAC	196	187	199	200
<b>Exploracións totais</b>	<b>17.952</b>	<b>18.705</b>	<b>22.017</b>	<b>23.627</b>
<b>Exploracións programadas</b>	<b>17.920</b>	<b>18.413</b>	<b>21.545</b>	<b>22.951</b>
RM	17.724	18.226	21.346	22.751
TC	196	187	199	200
<b>Exploracións urxentes</b>	<b>32</b>	<b>292</b>	<b>477</b>	<b>676</b>
RM	32	292	477	676
TC	0	0	0	0
Índice de programación (%)	99,82	98,43	97,83	95,00
Exploracións/día RM	57,10	55,60	82,20	93,76
Pacientes TAC	192	183	194	200
Pacientes RM	13.285	14.020	16.397	17.182
<b>Pacientes totais</b>	<b>13.477</b>	<b>14.203</b>	<b>16.591</b>	<b>17.382</b>

<b>RM MÓBIL</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>
Total pacientes	1.665	6.081	8.795
Total exploracións	1.899	7.285	12.200

A 31 de decembro de 2008, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe contaba co seguinte equipamento técnico para desenvolver a súa actividade asistencial:

- Resonancia magnética 1.5 T.
- Resonancia magnética 0.5 T.

- Resonancia magnética 0.2 T.
- Resonancia magnética 1.5 T. (Unidade móbil).
- Resonancia magnética 1,5 T. (Hospital do Meixoeiro).
- Resonancia magnética 1,5 T. (Unidade móbil).

## MEDICINA NUCLEAR

### UNIDADE DE VIGO

O feito máis relevante na Unidade de Medicina Nuclear de Vigo no ano 2008 foi a incorporación en outubro da terceira gammacámara.

A posta en funcionamento do novo equipo diagnóstico supón un salto cualitativo na información diagnóstica ao mellorar a calidade da información e engadir un CT radiolóxico que permite realizar a fusión de imaxes obtidas coa cámara e o CT co obxecto de conseguir unha maior precisión na localización, o que supón, polo tanto, unha mellora en todos os parámetros de precisión diagnóstica. Esta tecnoloxía nunca estivo dispoñible nas Unidades da área sur de Galicia.

En relación coa actividade asistencial durante o 2008, produciuse unha diminución porcentual dun 2,12 % en relación ao 2007, diminución motivada precisamente polo retraso na obra para a instalación da mencionada gammacámara.

Ao longo do ano 2008 realizáronse 7.670 técnicas totais, das cales 7.555 foron procedementos diagnósticos e 115 terapéuticos. Na quenda ordinaria de tarde realizáronse un 15,47% máis de procedementos/día que no ano anterior.

Os datos de lista de espera presentan un leve incremento de 100 pacientes en relación co último período do 2007, cunha espera media de 43 días en pacientes ordinarios.

Polo que se refire ás prestacións realizadas, producíronse incrementos significativos en técnicas oncolóxicas, como a detección gammagráfica con sonda detectora no carcinoma de mama, exploración que se realiza nos hospitais dos complexos hospitalarios de Vigo en Pontevedra, actuando de forma multidisciplinar con especialistas doutras áreas, como cirurxía e xinecoloxía.

No mes de novembro quedou instalado nunha área nova da Unidade de Medicina Nuclear, e despois dunha complexa obra de adaptación dos espazos, un equipo PET-CT, con entrada en funcionamento no primeiro trimestre de 2009. Este PET-CT ofrece amplas posibilidades diagnósticas nos ámbitos da oncoloxía, a neuroloxía e as enfermidades cardíacas. No eido do cancro preséntase como un instrumento moi eficaz na detección e localización de tumores mesmo antes de que cheguen a ser visibles anatomicamente. Tamén permite coñecer o estado, características e grao de influencia das formacións tumorais, así como predicir a resposta a tratamentos con quimioterapia e monitorizar eses tratamentos.

A incorporación desta nova tecnoloxía representa un avance significativo nas prestacións da unidade e pecha



o círculo tecnolóxico ao dispoñer de 3 gammacámaras, unha área de Terapia Metabólica e un equipo PET-CT.

Durante o ano 2008 incorporouse un facultativo especialista en Medicina Nuclear e un novo médico residente, de xeito que hai actualmente tres, un por ano, o que achega valor en relación á formación e investigación.

No seguinte cadro expóñense os datos de actividade máis significativos da Unidade de Medicina Nuclear de Vigo:

4.706 pacientes  
7.670 procedementos

	2005	2006	2007	2008
Procedementos programados	5.455	6.982	6.657	6.675
Procedementos urxentes	1.792	1.263	1.215	995
<b>Procedementos totais</b>	<b>7.247</b>	<b>8.245</b>	<b>7.872</b>	<b>7.670</b>
Procedementos diagnósticos	7.098	8.124	7.719	7.555
Procedementos terapéuticos	149	121	153	115
Índice de programación (%)	75,27	82,22	82,36	86,97
Procedementos día	26,16	24,85	28,01	30,44
Diagnósticos/terapéuticos	47,64	67,14	50,45	66,69
Pacientes programados	4.103	4.340	4.788	4.208
Pacientes urxentes	1.088	676	610	498
Pacientes totais	5.191	5.016	5.398	4.706





A devandita actividade realizouse contando co seguinte equipamento:

- Gammacámara con CT.
- Gammacámara de dobre detector e ángulo variable.
- Gammacámara de dobre detector e ángulo variable.
- Captador tiroideo.

#### *MEDICINA NUCLEAR DE OURENSE:*

A unidade de Medicina Nuclear de Ourense atendeu no ano 2008 un total de 4.000 pacientes, aos que lles foron realizados 6.656 procedementos, dos que 6.437 tiveron carácter diagnóstico e 219 terapéutico. Estas cifras supoñen un mantemento dos niveis de actividade na Unidade respecto ao ano 2007, xa que se produciu un incremento do 15,26% nos procedementos terapéuticos e unha diminución do 1,77% nos diagnósticos, froito do descenso da demanda xerada durante o ano 2008, que baixou un 6.15% respecto ao ano anterior.

En contraposición, mantense un incremento progresivo da demanda na detección do ganglio sentinela en mama e melanoma, que no caso do melanoma é referencia para a área sur de Galicia. Actualmente estase estendendo a outras localizacións como a detección en vulva. Por todo isto, a detección gammagráfica do ganglio sentinela é

unha prestación totalmente introducida, recoñecida e de referencia doutras áreas sanitarias no complexo.

Non existe lista de espera estrutural agás en cardioloxía nuclear, polas circunstancias indicadas, cunha lista de espera de 98 pacientes, cunha espera medía de 16,17 días. O resto da demanda foi satisfeita na súa totalidade

En relación á carteira de servizo, no ano 2008 non se produciron cambios. Tampouco houbo variacións nos recursos humanos e técnicos.

A Unidade posúe unha certificación de calidade ISO 9001:2000, o que supón unha revisión continua dos estándares e protocolos de calidade, cun proceso de modificación e actualización continua dos indicadores co obxecto de manter uns parámetros de calidade medibles e que sirvan como monitorización na mellora da calidade. Neste período renovouse a devandita acreditación despois de superar a correspondente auditoría.

No cadro que se inclúe a continuación recóllense os principais datos de actividade da Unidade de Medicina Nuclear de Ourense.

4.046 pacientes  
6.743 procedementos

<b>MEDICINA NUCLEAR OURENSE</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>
Procedementos programados	5.002	5.455	5.804	5.913
Procedementos urxentes	931	834	939	743
Procedementos totais	5.933	6.289	6.743	6.656
Procedementos diagnósticos	5.751	6.151	6.553	6.437
Procedementos terapéuticos	182	138	190	219
Índice de programación (%)	84,31	84,94	84,13	88,83
Procedementos día	24,22	25,57	27,30	26,52
Diagnósticos/terapéuticos	31,60	44,57	34,49	29,39
Pacientes programados	3.433	3.506	3.573	3.628
Pacientes urxentes	467	429	473	372
Pacientes totais	3.900	3.935	4.046	4.000

A devandita actividade realizouse contando co seguinte equipamento:

- Gammacámara de dobre detector e ángulo variable.
- Gammacámara monocabezal.

- Captador tiroideo.
- Equipo de ventilación pulmonar.
- Sala de probas cardiolóxicas con ergómetro, tapiz rodante e desfibrilador .



## ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

No exercicio de 2008, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica levou a cabo 1869 tratamentos con teleterapia, 207 con braquiterapia de alta taxa e 86 con radiocirurxía estereotáxica. Estes datos representan un descenso de arredor dun 5% respecto da actividade desenvolvida no ano anterior, debido fundamentalmente a que un dos aceleradores lineais con que conta o servizo tivo que permanecer inactivo durante máis dun mes por mor da instalación dun sistema micromultiláminas e diversas tarefas de mantemento, e tamén pola maior duración dos tratamentos de intensidade modulada de doses (IMRT), que case duplican o tempo dun tratamento convencional.

Se ben é certo que a instalación do sistema micromultiláminas motivou un retraso apreciable nos inicios de tratamento durante a parada do acelerador, tamén hai que salientar o esforzo realizado e a axeitada toma de decisións, a través do sistema de xestión implantado na unidade, como a realización de tratamentos en fins de semana e a diminución dos labores de mantemento dentro dos horarios de tratamento, o cal contribuíu a minimizar os efectos da inactividade da máquina de tratamento.

Durante o ano 2008 consolidouse a utilización da IMRT, coa realización de 66 tratamentos con ese sistema, a meirande parte dos cales se fixeron con IMRT inversa. Esta técnica ofrece notables vantaxes no tratamento de determinados tipos de cancro, localizados en zonas complexas en que se acumulan órganos de risco, como a cabeza, pescozo e próstata, e tamén está especialmente indicada o seu emprego en pacientes que polas súas características anatómicas non poden ser tratados con outras técnicas como a braquiterapia.

Coa IMRT diminúen as complicacións e aumenta a escala de doses curable en certas patoloxías, ao permitir modular os feixes de radiación dirixindo maiores doses á lesión e evitando os órganos de risco. Por outra banda, a IMRT ademais de supoñer un novo avance na precisión e segu-

ridade da radioterapia, representa un novo reto asistencial e profesional por canto esixe dunha meirande utilización de recursos humanos e tecnolóxicos e durante un tempo máis prolongado.

En materia de xestión, ao longo de 2008 púxose en práctica de maneira efectiva o proxecto de mellora organizativa deseñado e presentado o ano anterior coa finalidade de converter a Unidade de Oncoloxía Radioterápica nun referente de excelencia, capaz de atraer talento e desenvolver prácticas punteiras no seu campo de actividade.

Para acadar estes obxectivos, todo o cadro de persoal da unidade tomou parte durante o ano 2008 na implantación de diversas estratexias tendentes a mellorar os diferentes ámbitos de actuación do servizo. Entre as actuacións levadas a cabo inclúense medidas para optimizar os sistemas de traballo, axilizar o fluxo de pacientes, reducir a posibilidade de incidencias, promover a motivación do persoal, impulsar a capacidade de investigación e desenvolvemento, manter a máxima satisfacción dos usuarios e facer desta unidade un lugar atractivo de traballo ata situalo como primeiro centro de elección para os profesionais a nivel estatal.

Tamén no exercicio de 2008, consolidouse a colaboración desta unidade con centros punteiros na investigación, diagnóstico e tratamento do cancro de Estados Unidos. Nesa liña, intensificouse a cooperación científica co Norris Center Cancer Hospital, dependente da Universidade Sur de California (USC) e co National Cancer Institute, nun amplo estudo encamiñado a determinar a resposta de determinados grupos de poboación, con características xenéticas homoxéneas e entre os que se atopan os galegos, diante do tratamento contra diversos tipos de cancro.

A este traballo estanse achegando un milleiro de mostras de pacientes con cancro de mama das provincias de Pontevedra e Ourense co obxectivo de determinar a influencia xenética na resposta destas persoas aos tratamentos con radioterapia e quimioterapia e a súa supervivencia.



No seguinte cadro recóllese a evolución das actividades da Unidade de Oncoloxía Radioterápica con respecto aos anos anteriores.

### ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

Tratamentos finalizados	2005	2006	2007	2008
Teleterapia:	1.565	1.647	1.948	1.869
Radiocirurxía esterotáxica:	80	77	81	86
Braquiterapia alta taxa	231	201	261	207

	2005	2006	2007	2008
Pacientes novos	2.195	2.349	2.466	2595
Radiocirurxía esterotáxica	110	102	104	112
Teleterapia	1.794	1.960	2.066	2194
Braquiterapia alta taxa	291	287	296	289

Pacientes programados	2.113	2.275	2.372	2488
Pacientes urxentes	82	74	94	107

Pacientes hospitalizados	425	491	610	639
Pacientes ambulatorios	1.770	1.858	1.856	1956

INDICADORES TELETERAPIA	2005	2006	2007	2008
Sesións totais	37.547	39.547	47.645	42.594
Pacientes totais	37.521	39.517	47.648	42.573
Sesións/día	151,40	160,80	192,10	169,02
Pacientes tratados/día	151,30	160,60	192,10	168,94
Pacientes finalizados/día	6,30	6,30	7,60	7,30
Campos/paciente	3,31	3,50	3,45	3,84



Para o desenvolvemento desta actividade, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica contou no ano 2008 co seguinte equipamento técnico:

- Acelerador lineal de baixa enerxía.
- Acelerador lineal multienerxético.
- Acelerador lineal multienerxético e multiláminas.
- Acelerador lineal multienerxético e multiláminas.
- TAC espiral con sistema de simulación virtual.
- Sistema de fusión de imaxes.
- Sistema de planificación de teleterapia.
- Sistema de imaxe portal (Para SL75).
- Sistema de imaxe portal (Para SL18).
- Sistema de imaxe portal (Para Primus).

- Sistema de imaxe portal (Para Oncor).
- Sistema de radiocirurxía estereotáxica.
- Equipo de braquiterapia de alta taxa.
- Sistema de planificación tridimensional.
- Unha rede de comunicación para radioterapia.
- Sistema cortador automático de moldes.
- Braquiterapia en tempo real.
- Sistema micromultiláminas para radiocirurxía.

**ALOXAMENTO DE PACIENTES** Durante o ano 2008, un total de 44 persoas beneficiáronse do sistema de aloxamento nun hotel establecido por Galaria para pacientes de oncoloxía radioterápica que teñen a súa vivenda moi lonxe de Vigo.

	2005	2006	2007	2008
TOTAL ESTADÍAS EN HOTEL	832	1.279	1.014	846
TOTAL PACIENTES ALOXADOS EN HOTEL	86	118	49	44
ESTANCIAS MEDIAS POR PACIENTE	9,67	10,84	20,69	19,20







## División de consultoría

A contribución máis importante ao volume de actividade da División de Consultoría durante o exercicio 2008 correspondeu á elaboración do plan de dotación de equipamentos do novo Hospital de Lugo, cun volume de investimento que supera os 35 millóns de euros. No eido de priorización de investimentos en equipamento vinculados a plans directores de centros foron realizadas ademais outras accións entre as que destacan a Fase 2.0 do Complexo Hospitalario da Coruña e o plan de dotación da Fundación Pública de Medicina Xenómica, de xeito que se abarca o global de intervencións de dotación a máis de 100 servizos asistenciais distintos do Servizo Galego de Saúde.

En canto aos informes técnicos de adxudicación, durante este ano asesorouse na resolución de máis de vinte e cinco concursos, cun volume económico superior aos 17 millóns de euros, e con máis de 200 informes de adxudicación.

Polo que atinxe á elaboración de plans centralizados de equipamento, desenvolvéronse as fases diagnósticas de campo e procesado de datos do informe de investimento centralizada en ecógrafos, arcos cirúrxicos e incubadoras. Continuouse así mesmo co Plan de Equipamento Tecnolóxico do Servizo Galego de Saúde, e realizáronse os pregos e informes de adxudicación de todo o equipamento planificado para o ano en curso.

A División de Consultoría mantivo a súa actividade de asesoramento técnico continuado coa emisión de informes relativos a todas aquelas cuestións puntuais que a xestión do día a día dos distintos centros fose propoñendo aos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.

### **APOIO ESPECIALIZADO Á SUBDIRECCIÓN XERAL DE OBRAS**

Durante todo o ano 2008 a División de Consultoría continuou coa nova liña de traballo de apoio técnico solicitada polo Servizo de Obras da Subdirección Xeral de Investimentos. Neste sentido, préstase asistencia tanto na área de arquitectura como na de enxeñería, mediante estudos previos e informes para a supervisión de proxectos de obras; control da redacción de proxectos e execución de obras; elaboración de pregos e prescricións técnicas particulares precisos para a licitación de redacción de proxectos e/ou execución de obras; informes de adxudicación precisos nos citados procedementos de licitación; análise e estudo das diferentes opcións técnicas de instalacións eléctricas, mecánicas e de enerxía renovable que oferta o mercado, e a súa posible aplicación aos centros sanitarios.

Nesta área de actividade, realizáronse os seguintes traballos: 26 visitas a parcelas/edificios, 49 supervisións de proxectos, 3 seguimentos de obra, 3 seguimentos de redacción de proxecto e 14 informes de apoio.

### **RESUMO DE TRABALLOS**

#### **Adxudicación**

- Concurso equipamento complementario Sala Hemodinámica (CHOU) AB-SER2-08-022.
- Concurso Esterilizador (CHUS) NB-SER2-08-021.
- Concurso Ecocardiógrafo (Hospital Comarcal de Valdeorras) AB-SER2-08-018.



- Concurso Centralizado Sala Hemodinámica (CHOU) 08002 AC-SER2-08-002.
- Concurso equipamiento de quirófano (C.H. de VIGO) AC-SER2-08-008.
- Concurso mobiliario clínico de quirófano (C.H. de VIGO) AC-SER2-08-009.
- Concurso Sistema de Lavado/Descontaminado(C.H. de VIGO) AC-SER2-08-010.
- Concurso Centralizado Primaria CP-CC-SER2-08-001.
- Concurso Centralizado Retinógrafos Primaria CP-CC-SER2-08-004.
- Concurso Centralizado Implantes Cocleares Diversos Hospitais de Galicia CC-SER1-08-008.
- Concurso Centralizado adquisición de mesas cirúrgicas (Hospital de Conxo) NB-SER2-08-019.
- Concurso Actualización Torre Videobroncoscopia (Hospital do Meixoeiro) NG-SER2-08-007.
- Concurso Actualización Ecoendoscopia (Complejo Hospitalario Universitario da Coruña) AC-SER2-08-013.
- Concurso Actualización Torre Videobroncoscopia (Complejo Hospitalario Universitario da Coruña) NG-SER2-08-014.
- Concurso equipamiento de quirófanos (Hospital Xeral de Conxo) AC-SER2-08-005.
- Concurso mobiliario de quirófanos (Hospital Xeral de Conxo) AC-SER2-08-006.
- Concurso Sistema de Lavado / Descontaminado (Hospital Xeral de Conxo) AC-SER2-08-011.
- Concurso Centralizado Adquisición de 7 TAC'S (Plan de equipamiento tecnolóxico) CC-SER2-08-016.
- Concurso actualización PET-CT (Medtec) MN-001-08.
- Concurso Centralizado de adquisición de 3 salas vasculares (Plan de equipamiento tecnolóxico) CC-SER2-08-012.
- Concurso Centralizado de adquisición de 2 Resonancias Magnéticas (Plan de equipamiento tecnolóxico) CC-SER1-08-017.
- Concurso Complementario Lavado (CHUVI).
- Concurso Ampliación Mesas Mayo (CHUVI).
- Concurso Ampliación Esterilización (CHUS).
- Concurso Ampliación Hospitalización (CH de OURENSE).
- Concurso Fase I Lotes Desertos (C.H. de Ourense).
- Concurso Biopsias Conxo Varios (Hospital de Conxo).
- Concurso Lavado Conxo (Hospital de Conxo).
- Concurso Quirófanos Conxo (Hospital de Conxo).
- Concurso Meixoeiro Varios UCMA e desertos (Hospital do Meixoeiro).
- Concurso Lavado (Hospital Xeral de Vigo).
- Concurso Quirófanos (Hospital Xeral de Vigo).
- Concurso CT RT CHOU.





### Elaboración de pregos

- Ecocardiógrafo (Hospital de Valdeorras).
- Ergómetro (Hospital do Salnés).
- Dous pregos: PDPCM - mamógrafos e estacións de lectura (Saúde Pública).
- Sete pregos: Plan de mellora atención primaria (Primaria).
- Nove pregos máis resposta a alegacións: RM, CT, Vascular, HD (PETEC).
- Sistema de Transporte Robotizado.

### Priorización

- Complexo Hospitalario Universitario da Coruña: Unidade de Intermedios de Cardiología e Probas Funcionais Respiratorias.
- Complexo Hospitalario Universitario da Coruña Fase 2-0.
- Complexo Hospitalario Universitario de Vigo: Esterilización (Equipamento menor pendente).
- Complexo Hospitalario de Ourense: Equipamento da Área de Hemodinámica.
- F.P: Medicina Xenómica: Plan Director.
- Hospital de Conxo: Lavado de Conxo.
- Hospital do Salnés: Hospitalización Planta Terceira.
- Plan de dotación Novo Hospital de Lugo:
  - Hospitalización
  - HDD
  - Urxencias
  - Hemodiálises

- Rehabilitación
- Esterilización
- Medicina Nuclear
- Radioterapia
- Bloque cirúrxico e bloque obstétrico
- UCI Adultos, UCI Polivalente, UCI Pediátrica/Neonatos
- Reanimación/ Unidade da Dor
- Laboratorio Microbioloxía
- Laboratorio BQ
- Laboratorio Hematoloxía
- Anatomía Patolóxica
- Radioloxía
- Consultas Externas
- Farmacia
- MORGUE
- Gabinetes de Exploracións Especiais

1. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (Fase 2-0).

### Plans de investimento e informes varios

- Plan de investimento en ecografía, arcos cirúrxicos e incubadoras.

#### Informes técnicos:

- Transporte Robotizado do Novo Hospital de Lugo.
- Sistema de Transferencia de Paciente do Novo Hospital de Vigo.
- Estimación Dotación Novo Hospital de Lugo : Previsión Pormenorizada de Dotación.



06



Servizo de radiofísica e  
unidade técnica de protección radiolóxica

## Servizo de radiofísica e unidade técnica de protección radiolóxica



Como en exercicios anteriores, no ano 2008 o Servizo de Física Médica volveu xogar un papel relevante no proceso de posta en marcha de novo equipamento tecnolóxico e na incorporación de novas técnicas de diagnóstico e tratamento nas unidades dependentes desta empresa pública e mais os centros aos que presta os seus servizos.

Nesa liña de actividade, realizou o seguimento e control da instalación e posta en marcha dunha nova gammacámara, na Unidade de Medicina Nuclear do Hospital do Meixoeiro, así como as correspondentes probas de aceptación do equipo.

Tamén neste exercicio, o Servizo de Física Médica ocupouse das probas, controis e calibracións necesarias para a instalación e posta en funcionamento dun sistema de micromultiláminas nun dos aceleradores lineais da Unidade de Oncoloxía Radioterápica. Este equipo representa un novo paso na procura da máxima precisión da

radiocirurxía ademais de abrir a posibilidade de empregar esa técnica terapéutica no tratamento da meirande parte das localizacións tumorais.

Outra actuación decisiva por parte do Servizo de Física Médica na incorporación de novas tecnoloxías foi o seguimento e control da instalación do PET-CT no Hospital do Meixoeiro. Este equipo, que quedou instalado a finais de novembro de 2008, é o primeiro das súas características que se pon en marcha na sanidade pública de Galicia. Esta máquina de diagnóstico incorpora nun mesmo equipo a tecnoloxía PET, que ofrece información metabólica e funcional dos tecidos, e as prestacións da tomografía computerizada, que facilita imaxes anatómicas de alta resolución e fusiona as vantaxes diagnósticas de ambas as dúas técnicas.

Dentro da actividade habitual, ao longo de 2008 realizouse o control de calidade dos equipos correspondentes a instalacións de radiodiagnóstico situadas en hospitais, centros de saúde, centros de especialidades e uni-

dades de atención primaria de Galicia, así como no Hospital Pedro Hispano da localidade portuguesa de Matosinhos.

Ademais, volveuse contribuír con outros servizos adicionais como programas de formación en protección radiolóxica aos traballadores, asesoramento en riscos laborais, compras, deseños de novas instalacións e a xestión da dosimetría en complexos hospitalarios. En especial realizáronse todos os cálculos do novo hospital de Lugo. O asesoramento abarca ademais: cálculo de blindaxes, clasificación de traballadores expostos, clasificación de zonas, informe de prendas de protección, control de traballadoras embarazadas, reunións para a implantación dos procedementos do PGC, cálculo de doses aos pacientes e resolución de calquera dúbida en materia de protección radiolóxica que poida xurdir nos hospitais.

Así mesmo, continuou realizando as tarefas habituais de radiofísica na Unidade de Oncoloxía Radioterápica e desenvolveu os programas de garantía e control de calidade e protección radiolóxica en Radiodiagnóstico, Medicina Nuclear e Radioterapia do Hospital do Meixoeiro e os centros de saúde asociados.

Durante o ano 2008 rotou polo Servizo durante tres meses un físico de nacionalidade cubana para a aprendizaxe de técnicas de Radiofísica en medicina nuclear, estancia que estivo organizada polos organismos PAHO e CIEMAT. O resultado do traballo foi o deseño dun aparello dedicado ao control de calidade en gammacámaras que foi presentado no Congreso Internacional de Protección Radiolóxica en Bos Aires.

Tamén fixo a súa rotación no servizo unha físico de Brasil, durante 4 meses, para a formación en técnicas de





Radiofísica en radiodiagnóstico e tamén en procedementos de calidade para a implantación da metodoloxía ISO nun departamento de radioloxía

En canto ás contribucións no ámbito científico, é de salientar que o xefe do Servizo de Radiofísica, Manuel Salgado, entrou a formar parte dun grupo de traballo organizado en decembro de 2008 en Viena pola Organización Mundial da Saúde, que se denomina Occupational Health e pertence ao proxecto Iniciativa Global sobre Seguridade Radiolóxica no Ámbito Sanitario da OMS.

#### ACTIVIDADE DA UTPR

Actuacións de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria por parte da Unidade Técnica de Protección Radiolóxica no ano 2008

Os seminarios de formación en protección radiolóxica, de entre tres e cinco horas de duración que se impartían cada ano ata 2007, dirixidos aos traballadores dos centros sanitarios, substituíronse no ano 2008 por catro cursos de 30 horas cada un, acreditados pola FEGAS e o CHUAC para a acreditación de directores de raios X, operadores, e segundo nivel en intervencionismo.

	2006	2007	2008
Controis de calidade	403	462	340
Medicións de niveis de radiación	159	187	182





## Unidade de Radiofármacos PET Galicia



A Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotron), dependente de Galaria, iniciou en novembro de 2008 a produción regular e subministro de FDG aos hospitais do Servizo Galego de Saúde. Este laboratorio, anexo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), constitúe unha das actuacións estratéxicas da administración sanitaria galega no ámbito do diagnóstico por imaxe e a súa actividade vai ser determinante no desenvolvemento actual e futuro das técnicas de diagnóstico mediante tomocámara detectora de positrones (PET) nesta comunidade autónoma.

Trátase do primeiro laboratorio en España financiado e explotado pola sanidade pública, que supuxo un forte investimento económico, de arredor de catro millóns de euros, e que representa a garantía de subministro actual e futuro de radiofármacos a todas as tomocámaras PET do Servizo Galego de Saúde, a un custe razoable.

Neste centro prodúcese Fludesoxiglucosa marcada con Fluor 18 (FDG), o radiofármaco máis utilizado nas exploracións mediante PET, que é necesario inxectar ao paciente antes de sometelo a esa técnica de diagnóstico, e que ata agora era necesario traer dende Madrid.

Este laboratorio está dimensionado para subministrarlle radiofármacos ás tomocámaras PET do Servizo Galego de Saúde, e doutras instalacións PET de Galiza e provincias limítrofes. Ademais, conta con zonas específicas para proporcionar soporte aos programas de investigación tanto no ámbito clínico como no da investigación básica. E tamén se vai a converter en unidade docente para a formación de especialistas en radiofarmacia.

O día 18 de novembro esta unidade comezou a producir radiofármacos para o equipo PET instalado no Complexo

Hospitalario Universitario de Santiago, e dende febreiro de 2009 subministra eses produtos á tomocámara PET-CT posta en funcionamento na Unidade de Medicina Nuclear do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

A tecnoloxía PET adquiriu unha enorme relevancia na maioría dos países desenvolvidos, e cada día se incrementa a demanda dese tipo de exploracións por parte dos especialistas, á vista das súas cada vez maiores aplicacións e da súa eficacia diagnóstica nos eidos da oncoloxía, a cardioloxía e as patoloxías neurolóxicas.

Actualmente, por medio das tomocámaras PET é posible coñecer o funcionamento e metabolismo dos tecidos e órganos, mentres que ata agora as técnicas de diagnóstico por imaxe tradicionais só permitían observar a forma e estrutura deses tecidos.

Esta técnica de diagnóstico baséase na utilización dunha serie de moléculas capaces de seren marcadas con radioi-

sótopos emisores de positróns, que son incorporados ao organismo do paciente para poder observar mediante a tomocámara PET a súa distribución nos tecidos.

Para que unha tomocámara PET poida desenvolver a súa actividade de forma habitual, debe existir un laboratorio de radiofármacos emisores de positróns o máis preto posible. A posta en marcha da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, garante a loxística de subministro de radiofármacos para toda a comunidade.

A Unidade de Radiofármacos PET Galicia ten previsto desenvolver programas de investigación, tanto no ámbito clínico, por parte dos facultativos de medicina nuclear, como no da investigación básica.

Coa posta en funcionamento deste centro garántese tamén a formación dos profesionais para o futuro. Neste sentido se esta pendente da autorización do Ministerio de Sanidade e Consumo para que a Unidade de



Radiofármacos PET Galicia sexa nomeada unidade docente de radiofarmacia para a formación de especialistas en radiofarmacia. Para garantir a formación axeitada en todos os ámbitos desta disciplina establecéronse acordos de colaboración co propio CHUS e GE Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia.

### **Acelerador de partículas**

O ciclotrón, que é o aparello principal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, é, basicamente, un acelerador de partículas, produtor dos isótopos radioactivos cos que se marcan as moléculas que lle serán inxectadas ao paciente. No hospital, a tomocámara PET detectará a radiación que emiten esas moléculas e configurará unha imaxe do seu comportamento dentro do organismo.


O que diferencia o PET doutras técnicas de imaxe, á excepción dalgúns tipos de resonancia magnética avanzada, é que non só permite obter imaxes anatómicas,

senón que é capaz de detectar o comportamento anómalo das células antes de que formen un tumor visible ou detectable por outros métodos. En definitiva, o PET permite baixar os límites de detección das patoloxías ao momento en que aínda non presentan un signo físico.

Na Unidade de Radiofármacos PET Galicia, o ciclotrón produce o isótopo marcado, que é enviado a través dun sistema de transferencia aos módulos de síntese, uns aparellos que permiten a síntese da molécula de interese de maneira segura e reproducible. Unha vez rematada a síntese e tras un proceso de purificación e control de calidade, o radiofármaco envíase ao servizo de medicina nuclear para a súa administración.

A produción do radiofármaco realízase pola noite, co fin de que a primeiras horas de mañá estea dispoñible para a súa utilización na PET do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e no equipo PET-CT do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.





Servizo de atención telefónica á cidadanía "saúde en liña"

## Servizo de atención telefónica á cidadanía “Saúde en Liña”

No ano 2008 Galaria asumiu o deseño e posta e marcha de “Saúde en Liña”, un novo servizo de atención telefónica á cidadanía, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, a través do cal se centraliza inicialmente a cita previa dos centros de saúde das áreas de Lugo, Ourense, Santiago e Pontevedra.

O número establecido para este servizo é o 902 077 333, e a través do mesmo os usuarios desas áreas poden pedir cita para ser atendidos nos seus centros de saúde, se ben está previsto ampliar en 2009 a súa cobertura ás áreas sanitarias de Vigo, A Coruña e Ferrol, para completar así todo o territorio de Galicia.

A posta en marcha de “Saúde en Liña” enmárcase no conxunto de actuacións da Consellería de Sanidade encamiñadas a mellorar a accesibilidade dos usuarios ás prestacións asistenciais, e aínda que na fase de arranque ten encomendada a cita previa en atención primaria, este servizo deseñouse coa idea de ampliar as súas funcións ata convertelo nun teléfono de acceso ao sistema sanitario, a través do que ofrecer múltiples servizos á cidadanía.

O mércores 8 de outubro de 2008 comezou a súa implantación no ámbito da provincia de Ourense, o 15 de outubro estendeu a súa actividade á provincia de Lugo, o 22 de outubro estableceuse na área norte de Pontevedra e o 27 de outubro na área de Santiago. Nesta primeira fase o servizo dá cobertura a un total de 1 430

183 usuarios, o que supón un 52% da poboación galega con dereito a tarxeta sanitaria, e atende máis de 70.000 chamadas semanais.

Por medio do devandito número o usuario entra en contacto cunha central de chamadas na que máis dun centenar de operadores con conexión informática ás axendas de atención primaria lle facilitan a cita para ser atendido no seu centro de saúde. A prestación do servizo realizárase de luns a venres en horario de 8:00 a 21:00 horas de forma ininterrompida e en días laborables, sen ter en conta as festas locais.

O novo sistema de atención telefónica deseñouse co obxectivo fundamental de proporcionarlle ao usuario un recurso accesible, doado de utilizar e que lle garanta unha resposta rápida e eficaz á súa necesidade de recibir asistencia no seu centro de saúde.

No prego de requirimentos técnicos estableceuse a esixencia de que o 80% das chamadas recibidas no momento de maior demanda obteñan resposta en menos de 30 segundos e que no resto do tempo o 90% das chamadas sexan contestadas antes de 15 segundos. Tras un primeiro período en que se realizaron os lóxicos axustes técnicos e unha vez optimizada a coordinación informática coas axendas de citación, a central contesta o 100% das chamadas e o tempo medio de espera ata que contesta un axente, unha vez finalizado o saúdo de benvinda, é de 5 segundos.





## Recursos humanos

En materia de recursos humanos o aspecto máis salientable do ano 2008 nesta empresa pública foi a culminación do proceso de integración do seu persoal no réxime estatutario, coa aplicación da resolución de 12 de abril de 2008, con efectos do 1 de xullo de 2007. Das 255 prazas autorizadas no cadro de persoal integráronse 230 no réxime estatutario.

Con tal motivo, o departamento de Recursos Humanos de Galaria, durante este exercicio, e especialmente a partir do segundo trimestre, centrou gran parte da súa capacidade operativa na adaptación aos procedementos de xestión relacionados co seu ámbito de responsabilidade.

O proceso de estatutarización iniciouse o ano anterior coa publicación no Diario Oficial de Galicia do Decreto 91/2007, de 26 de abril, unha normativa de carácter xeral para todas as institucións afectadas, que daría paso, o 10 de outubro, á publicación da Orde de 20 de setembro de 2007, que se ocupaba especificamente do proceso de integración do persoal do Instituto Galego de Medicina Técnica, agora Galaria.

### **Evolución do cadro de persoal**

No ano 2008 volveu producirse un novo incremento medio do cadro de persoal respecto ao ano anterior, de xeito que se situou en 328 persoas fronte ás 317 que integraban o cadro de persoal medio no ano 2007, cifra que representa un 3,5% de aumento no número de profesionais que desenvolven a súa actividade en Galaria. Este crecemento dos recursos humanos debeuse a diver-

sos factores, entre os que figuran o reforzo dos cadros de persoal das diferentes unidades e á necesidade de dotar de profesionais as novas actividades, como a segunda unidade móbil de resonancia magnética e a Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón).

O persoal do Ciclotrón, excluído do ámbito de aplicación da Orde que regula o proceso de integración do persoal no réxime estatutario, foi seleccionado directamente por Galaria, segundo a Lei 10/95, e formalizáronse contratos eventuais para diferentes categorías profesionais: especialista en radiofarmacia e técnicos de mantemento.

### **ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL**

A distribución do cadro de persoal polas distintas unidades mantivo unha estrutura semellante á de anos anteriores. Nas unidades asistenciais instaladas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo desenvolveron o seu labor no ano 2008 un total de 235 persoas; outras 38 corresponden á estrutura central, 19 persoas traballan no Servizo de Radiofísica e Unidade Técnica de Protección Radiolóxica, 14 forman parte da División de Consultoría, 9 integran o cadro de persoal da Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, 5 están adscritas á Unidade de Radiofármacos PET Galicia e outras 8 desenvolven a súa actividade nas dúas unidades móbiles de resonancia magnética que dan servizo aos hospitais de ámbito comarcal de Galicia.

O cadro de persoal medio de Galaria formábase a 31 de decembro de 2008, 50 especialistas, 26 licenciados non







sanitarios, 80 diplomados en enfermería, 4 diplomados non sanitarios, 57 técnicos, 8 oficiais administrativos, 37 auxiliares de clínica, 55 auxiliares administrativos e persoal de servizos xerais e 11 celadores.

Os recursos humanos da empresa manteñen no ano 2008 una proporción por sexos semellante aos de exercicios anteriores, cun 71% de mulleres e un 29% de homes, e tamén unha idade media situada en 34 anos.

Na seguinte gráfica recóllese a estrutura do cadro de persoal no ano 2008



Gráfica de evolución do cadro de persoal de Galaria.



Na evolución do cadro de persoal de Galaria mantense a tendencia ao crecemento.

**Tipos de contratos de traballo**

CLASIFICACIÓN	2004	2005	2006	2007	2008
Indefinidos	170	193	195	218	224
Interinos	31	16	23	25	22
Eventuais	24	24	27	22	22
Substitutos	30	44	39	52	60
TOTAL	255	277	284	317	328




**FORMACIÓN**


En materia de formación, o 2008 foi un ano de transición, marcado polo proceso de integración do persoal no réxime estatutario, no que Galaria seguiu planificando a actividade formativa e dándolle un valor como aspecto estratéxico dentro do sistema de calidade da organización. Durante este período leváronse a cabo 135 accións formativas, nas que participaron 241 alumnos, con un cómputo total de 5.348 horas de formación.

Dese conxunto de horas de formación impartidas, 2.176 corresponderon á categoría de persoal non sanitario, cifra que representa un 41% da actividade formativa total; 1.436 horas foron dirixidas ao persoal sanitario non facultativo, o que supón un 27% do total, e 1.736 horas corresponderon ao persoal facultativo, o que significa algo máis do 32% do tempo dedicado a formación ao longo do ano 2008.

**Horas de formación por estamento no ano 2008**



**Formación 2008**





Xestión de calidade e sistemas de control

## Xestión de calidade e sistemas de control

No ano 2008 Galaria seguiu avanzando no desenvolvemento do seu plan de calidade, que inclúe tres liñas fundamentais de actuación:

- O uso de ferramentas recoñecidas de acreditación e avaliación da súa activade.
- A utilización de instrumentos internos propios para impulsar e avaliar a calidade.
- O emprego de mecanismos para coñecer a percepción da calidade por parte de usuarios e clientes.

### **Acreditación ISO 9001:2000**

No ano 2008 foi renovada a certificación externa ISO 9001/2000 das Unidades de Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear e Oncoloxía Radioterápica así como a da Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), Servizo de Radiofísica Hospitalaria e División de Consultoría.

A obtención do certificado ISO é o resultado dun amplo proceso de estandarización e protocolización de todo o traballo que desenvolven as unidades, no que participan activamente tanto os propios profesionais como os servizos xerais de Galaria que prestan apoio ás diferentes actividades da institución.

### **Controis por parte de organismos públicos**

Polo seu carácter de empresa pública, Galaria sométese a controis e auditorías por parte de organismos oficiais, diante dos que lle corresponde observar o estricto cumprimento de todos os requisitos legais no desenvolvemento do seu labor. Este sistema de control externo tamén representa un factor de garantía de calidade das súas actividades.

### **Organismos auditores e de control:**

**Consello de Contas:** a función fiscalizadora deste organismo comprende, entre outros aspectos, a actividade económico-financieira e contable da empresa e a xestión dos recursos humanos.

**Intervención Xeral:** a empresa sométese a auditorías periódicas da Intervención Xeral e comunícalle trimestralmente a situación das súas contas, os contratos de obras e subministracións, contratos de persoal e contratos de activos e pasivos financeiros, entre outros apartados da súa xestión económica.

**Auditoría externa das contas anuais:** anualmente, como en calquera empresa de certa entidade, son revisadas as contas da sociedade por unha firma de auditores que emite un informe e verifica o cumprimento en todos os aspectos do patrimonio e situación financeira.





Enquisas de satisfacción

## Enquisas de satisfacción

Co obxectivo de coñecer o grao de satisfacción cos diferentes servizos que presta Galaria, tanto no eido asistencial como no de consultoría, radiofísica e protección radiolóxica, esta organización realiza periodicamente enquisas a diferentes grupos de usuarios e clientes. O fin último destas consultas, que se enmarcan dentro dos programas de calidade da institución, é o de obter información para aplicar posibles medidas de mellora.

Galaria encárgalle periodicamente a unha entidade especializada en consultas de opinión no ámbito sanitario

